ANEXO I. ANEXO SÍNTESE

CARPETA **01.MX**



APROBACIÓN INICIAL do Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río

Febreiro 2021

XUNTA DE GALICIA

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ÍNDICE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ANEXO I. ANEXO SÍNTESE

1. FINALIDADE 3
2. NATUREZA, OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN 3
3. CONTIDOS FUNDAMENTAIS: DOCUMENTOS DO PBM 4
4. RELACIÓN CO PBA E COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO 5
5. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO 5
6. DELIMITACIÓN E CATEGORIZACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS EXISTENTES 8
7. ORDENANZAS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO 9

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ANEXO I. ANEXO DE SÍNTESE

1. FINALIDADE

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia contempla, entre os seus obxectivos, o de dotar de seguridade xurídica o ordenamento xurídico, para o que considera imprescindible que todos os concellos de Galicia dispoñan dun instrumento de planeamento que ordene o seu termo municipal.

Actualmente o Concello do San Xoán de Río non conta con figura de planeamento xeral, nin con planeamento de desenvolvemento, só con dous proxectos de delimitación de solo do núcleo rural, os de Mouruás, na Parroquia de San Xoán de Río e Cerdeira na parroquia do mesmo nome, aprobados definitivamente mediante Resolucións do 28/05/2007 (DOG 04/07/2007) e 18/01/2005 (Exptes 279-280/2004) respectivamente, tramitados ao abeiro do punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (modificado pola Lei 15/2004, do 29 de decembro).

Con esta situación e ante a falta de capacidade para dotarse dun Plan xeral de ordenación municipal, tras anos de vixencia dun marco xurídico que establecía o plan xeral como o único instrumento de planeamento xeral, xorde a oportunidade de optar pola fórmula do Plan Básico Municipal (en adiante PBM).

O artigo 63 da Lei 2/2016 regula a figura dos Plans Básicos Municipais como os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan Básico Autonómico (en adiante PBA) para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non conten cun instrumento de planeamento xeral. Esta figura ten como obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos esixidos para seren clasificados como solo urbano consolidado, así como a categorización do solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no PBA.

2. NATUREZA, OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O Plan básico municipal (PBM) de San Xoán de Río é o instrumento de planeamento urbanístico do termo municipal completo de San Xoán de Río que desenvolve o PBA para este concello. Ten por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e a categorización do solo rústico. As determinacións do PBM de San Xoán de Río axústanse ao establecido no artigo 149 do Regulamento da Lei 2/2016, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro e inclúen:

a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes.

b) Delimitación e categorización do solo rústico.

c) Ordenanzas de edificación e uso do solo.

d) Trazado da rede viaria pública existente e sinalización de aliñacións.

Constitúe o ámbito de aplicación do presente PBM todo o territorio do termo municipal de San Xoán de Río. O concello de San Xoán de Río sitúase no centro-leste da Comunidade Autónoma de Galicia, ó nordés da provincia de Ourense, limitando ó norte co concello de Ribas de Sil, ó sur cos concellos de Chandrexa de Queixa e A Pobra de Trives; leste con A Pobra de Trives e ó oeste co concello de Castro Caldelas. Administrativamente pertence á provincia de Ourense e á comarca de A Pobra de Trives e

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

divídese en 9 parroquias con 59 núcleos de poboación -segundo o IGE-. A súa superficie é de 61,2 km^2, polo que se trata dun concello de tamaño pequeno comparándoo coa media dos concellos da provincia de Ourense, e a súa poboación en 2019 era de 531 habitantes distribuída en os indicados 59 núcleos de poboación.

O uso racional do territorio, así como a protección dos seus valores naturais e patrimoniais, é o obxectivo xeral do presente PBM, e promoverase a través do recoñecemento e a consolidación dos asentamentos de poboación existentes e da protección dos espazos de maior calidade natural e cultural do concello, evitando a dispersión da urbanización e asegurando un desenvolvemento sustentable e equilibrado. Para acadar este obxectivo xeral establécense catro obxectivos específicos que responden ás determinacións que debe conter o plan segundo a Lei 2/2016:

1. A delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes co fin de que constitúan os centros de residencia e das actividades tradicionalmente asociadas a eles, aproveitando e potenciando a compactidade, xa de por si preexistente, dos núcleos do concello.

2. A delimitación e categorización do solo rústico segundo as afeccións establecidas no Plan básico municipal e nas correspondentes normativas sectoriais, de xeito que se facilite a regulación dos usos e actividades segundo a normativa de aplicación en cada categoría de solo, protexéndose así os valores especiais do territorio.

3. A regulación dos usos e actividades edificatorias a través do establecemento de ordenanzas de edificación e uso do solo que fixen as condicións máis axeitadas de edificabilidade, altura, ocupación, implantación topográfica, etc.

4. O trazado da rede viaria existente e a sinalización das súas aliñacións co fin de facilitar a regulación dos usos e actividades nestes espazos.

3. CONTIDOS FUNDAMENTAIS: DOCUMENTOS DO PBM

Os contidos do PBM distribúense entre os seguintes documentos, regulados no artigo 63.3 da Lei 2/2016 e no artigo 150 do Regulamente da Lei 2/2016:

a) Memoria xustificativa das súas determinacións.

A memoria xustificativa estrutúrase en tres partes: información, xustificación e anexo de síntese.

O documento Parte I. Información inclúe a relación dos núcleos de poboación do concello, as determinacións establecidas polos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no ámbito do plan, a identificación das afeccións derivadas da normativa sectorial, a identificación dos elementos de interese cultural e natural cos seus correspondentes contornos de protección e zonas de amortecemento e as redes de comunicacións e servizos existentes.

O documento Parte II. Xustificación comprende a xustificación da conveniencia e oportunidade da redacción do plan, a análise da incidencia da normativa sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio que sexan de aplicación, a xustificación do establecemento das diferentes categorías de solo rústico e a análise do modelo de asentamento poboacional. Esta análise incorpórase nun documento anexo á memoria constituído por unha memoria, na que se analiza o marco territorial e se identifican os núcleos de poboación e unha ficha, planos de información, planos de ordenación e fotografías aéreas para cada un dos núcleos rurais delimitados polo plan.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Ademais, incorpóranse tres anexos, de síntese, de vixencia e estudo da paisaxe. Este último en cumprimento do establecido no artigo 35 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

b) Planos de información urbanística.

Estes planos inclúen os ámbitos delimitados segundo a aplicación das normativas sectoriais correspondentes no termo municipal, os ámbitos delimitados segundo a aplicación das determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, os elementos culturais e naturais cos seus contornos de protección e zonas de amortecemento e a identificación e clasificación dos asentamentos de poboación do municipio.

c) Planos de ordenación urbanística.

Estes planos recollen a clasificación e categorización do solo de todo o municipio.

d) Catálogo de elementos que se deben protexer.

e) Normativa urbanística.

Esta normativa incorpora as ordenanzas tipo e específicas que mellor se adecúan as clases e categorías de solo delimitadas entre as definidas no PBA.

f) Informe ambiental estratéxico

O IAE incorporarase nun Anexo independente á memoria, xunto co Documento ambiental estratéxico e o Extracto ambiental

4. RELACIÓN CO PBA E COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O presente PBM desenvolve as determinación do PBA para o termo municipal de San Xoán de Río e incorpora as determinacións dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio, tanto no que respecta a plans sectoriais como ás Directrices de Ordenación do Territorio.

Os plans sectoriais que teñen incidencia no concello de San Xoán de Río son o “Plan eólico de Galicia” e o “Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL”.

5. CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO

O PBM de San Xoán de Río clasifica e categoriza o solo rústico da totalidade do termo municipal de xeito congruente coas delimitacións das afeccións establecidas polo PBA, de conformidade co establecido no artigo 149.c do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Ademais, atendeuse ao establecido no Informe Ambiental Estratéxico, no sentido de categorizar o ámbito territorial inserido na paisaxe protexida “Val do río Navea” como solo rústico de protección de espazos naturais, sen prexuízo de atribuírlle outras categorías complementarias de solo rústico.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

O PBM recolle todos aquelas categorías de solo rústico resultantes da aplicación das lexislacións sectoriais con incidencia sobre San Xoán de Río. As categorías de ordenación do solo rústico definidas son as seguintes:

- Solo Rústico de Protección Ordinaria (SRPO)
- Solo Rústico de Especial Protección:
    - Solo Rústico de Protección Forestal (SRPF)
    - Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAU)
    - Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPIN)
    - Solo Rústico de Protección Paisaxística (SRPPX)
    - Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN)
    - Solo Rústico de Protección Patrimonial (SRPP)

A categorización do solo rústico realizouse tomando como referencia as afeccións sectoriais delimitadas no PBA e aplicando ás mesmas un procedemento de actualización e mellora da precisión cartográfica, tendo en conta o establecido nas correspondentes normativas sectoriais.

Clasificáronse na categoría de Solo Rústico de Protección Ordinaria (SRPO) todos os ámbitos de solo rústico non suxeitos a unha especial protección segundo o regulado no artigo 34 da Lei 2/2016 e na correspondente lexislación sectorial. Esta categoría de solo ocupa 2.409,89 ha (39,43 % da superficie total do concello).

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.b da Lei 2/2016, o Solo Rústico de Protección Forestal (SRPF) está constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente. Dada a inexistencia deste catálogo para o ámbito territorial de San Xoán de Río, o solo rústico de protección forestal está constituído polos montes veciñais en man común recollidos no PBA, concretamente o Monte veciñal en man común “Cerengo”. Esta clase de solo ocupa 399,76 ha (6,54 % da superficie total do concello).

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.c da Lei 2/2016, o Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAU) está constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais definidos como solo de dominio público hidráulico na súa respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente. A delimitación do solo rústico de protección das augas reflectida nos Planos de ordenación resulta do cálculo dunha zona de influencia de 100 metros a partir da cartografía da rede hidrográfica da Base Topográfica de Galicia actualizada (BTG10 2020). Esta categoría de solo rústico ocupa 1.993,33 ha (32,61 % da superficie total do concello).

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.e da Lei 2/2016, o Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPIN) está constituído polos terreos rústicos destinados ó emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección, tales como as comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio. O solo rústico de protección de infraestruturas do concello de San Xoán de Río delimitado nos Planos de ordenación está constituído por:

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

- As zonas de afección das estradas de titularidade autonómica e provincial: OU-536, OU-0705 y OU-0706 e a zona de afección da estrada LU-P-5303 aínda que o seu trazado discorre polo concello de Ribas de Sil en Lugo, recollidas no PBA, calculadas a partir da cartografía 1:5.000 do PBM como dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas a unha distancia de 30 metros, segundo o establecido para estradas convencionais no artigo 40.1.b da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

- As zonas de afección xeradas polas redes de alta e media tensión que discorren polo concello.

- A zona de afección dunha infraestrutura de telecomunicacións de RETEGAL.

- Os terreos onde se localizan infraestruturas de servizos de abastecemento (depósitos de auga).

Esta categoría de solo rústico ocupa 344,62 ha (5,64 % da superficie total do concello).

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.g da Lei 2/2016, o Solo Rústico de Protección Paisaxística (SRPPX) está constituído polos terreos considerados como áreas de especial interese paisaxístico de conformidade coa lexislación de protección da paisaxe de Galicia; consecuentemente o solo rústico de protección paisaxística do concello de San Xoán de Río correspóndese ca área de especial interese paisaxístico "Val do Río Navea" (AEIP 02-01), delimitada polo Catálogo das paisaxes de Galicia e incluída no PBA. Esta categoría de solo rústico ocupa 242,14 ha (3,96 % da superficie total do concello).

Atendendo ao establecido no Informe Ambiental Estratéxico, o Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais comprende os terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, o "Val do río Navea". Esta categoría de solo rústico ocupa 242,14 ha (3,96 % da superficie total do concello).

Atendendo ó establecido no artigo 34.2.h da Lei 2/2016, o Solo Rústico de Protección Patrimonial (SRPP) está constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural. A delimitación do solo rústico de protección patrimonial do concello de San Xoán de Río reflectida nos Planos de ordenación baseouse nas afeccións identificadas no PBA, a partir da cal se estableceu o contorno de protección destes elementos, segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Esta categoría de solo rústico ocupa 1.502,45 ha (24,58 % da superficie total do concello).

Táboa 1. Resumo das clases e categorías de solo coa súa superficie e proporción no concello:

Clase	Categoría		Superficie (ha)	%*
Solo de núcleo rural	Tradicional	SNRT	46,39	0,76%
	Común	SNRC	15,21	0,25%
Solo rústico de protección ordinaria		SRPO	2.409,89	39,43%
Solo rústico de especial protección	Forestal	SRPF	399,76	6,54%
	Augas	SRPAU	1.993,33	32,61%
	Infraestruturas	SRPIN	344,62	5,64%
	Paisaxística	SRPPX	242,14	3,96%
	Espazos Naturais	SRPEN	242,14	3,96%
	Patrimonial	SRPP	1.502,45	24,58%
Total			7.195,92	

*Porcentaxe calculada con respecto á superficie do concello, non do sumatorio das distintas categorías de solo.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

A superficie total reflectida na táboa anterior non se corresponde coa superficie do concello, xa que existen diversas categorías de solo rústico que se superpoñen entre elas, sen embargo, na seguinte táboa faise un resume adaptado no que si coinciden ambas superficies.

Táboa 2. Resumo das clases de solo coa súa superficie e proporción no concello:

Clase		Superficie (ha)	%
Solo de núcleo rural	SNR	61,59	1,01%
Solo rústico de protección ordinaria	SRPO	2.409,89	39,43%
Solo rústico de especial protección	SRP	3.640,79	59,56%
Total		6.112,27	100,00

6. DELIMITACIÓN E CATEGORIZACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS EXISTENTES

O presente PBM delimita os núcleos rurais existentes no concello de San Xoán de Río en base aos asentamentos de poboación identificados no PBA e axustando a delimitación á realidade territorial deste concello segundo á análise do modelo de asentamento poboacional, de conformidade co previsto no artigo 149.a do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e no artigo 10 da Normativa e ordenanzas do Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo.

Así mesmo, o PBM categoriza os solos de núcleo rural segundo correspondan coa categoría de tradicional ou común, de acordo coas súas características e grao de consolidación.

O PBA identifica 59 asentamentos de poboación no concello de San Xoán de Río e clasifícaos de conformidade co sistema de asentamentos establecido polas Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT). Das 59 entidades de poboación identificadas no PBA, 6 están incluídas na categoría de núcleos principais de “parroquias rurais” establecidas nas DOT e as 53 restantes clasifícanse como “resto de asentamentos”. Atendendo á determinación 2.4.1 das DOT, o PBM identifica tamén como núcleo principal do concello O Campo, onde se sitúa actualmente a casa consistorial, así como outros edificios administrativos e de servizos.

Para a delimitación do solo de núcleo rural seguíronse os criterios establecidos no artigo 34 do Regulamento da Lei 2/2016, incluíndo nesta clase de solo as áreas de territorio que serven de soporte aos asentamentos de poboación singularizados. No caso dos núcleos rurais tradicionais atendeuse á proximidade das edificacións, á existencia dun topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presentase unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, calculado segundo o descrito no artigo 35 do Regulamento da Lei 2/2016. O solo de núcleo rural común recoñeceuse en función da súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario e delimitouse de xeito que o grao de consolidación pola edificación, calculado segundo o descrito no artigo 35 do Regulamento da Lei 2/2016, fose igual ou superior a un terzo da súa superficie. Para a delimitación dos núcleos rurais tomáronse como referencia os asentamentos de poboación identificados no PBA, tal e como establece o artigo 149 do Regulamento da Lei 2/2016, que se encontran dentro do ámbito municipal segundo o límite municipal oficial do Instituto Geográfico Nacional (IGN). Co fin de aplicar os criterios de delimitación mencionados anteriormente, o primeiro paso foi identificar en cada núcleo aquelas edificacións tradicionais segundo o establecido no artigo 33.1 do Regulamento da Lei 2/2016 (ver planos de información de núcleos rurais). Estableceuse como criterio delimitar todas os asentamentos identificados no PBA con, polo menos, catro vivendas que conformen

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrblD1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

un conxunto máis ou menos compacto. No concello de San Xoán de Río non existe aprobación de proxectos de delimitación de solo de núcleo rural.

No concello de San Xoán de Río existen 59 asentamentos de poboación segundo o PBA, dos cales Mouruás na parroquia de San Xoán de Río e Cerdeira na do seu propio nome, contan con delimitacións de núcleo rural aprobadas definitivamente mediante Resolucións do 28/05/2007 (DOG 04/07/2007) e 18/01/2005 (Exptes 279-280/2004) respectivamente, si ben, non se declaran subsistentes e polo tanto non se incorporan ao PBM, senón que se delimitan, ao igual que os demais núcleos, conforme aos criterios establecidos na LSG e no RLSG. Ademais do anterior, o PBM clasifica dous núcleos rurais que están formados, cada un deles, pola agrupación de dous asentamentos próximos entre si, Cerniza/O Campo na parroquia San Xoán de Río e O Barreal/O Carballo na de San Xurxo. Xunto cos anteriores clasifica outros 45 de tipo, delimitando un total de 49 núcleos rurais.

As delimitacións das entidades de poboación deste concello represéntase de forma cartográfica na serie de planos de información dos núcleos rurais e con maior detalle na serie de planos de ordenación de núcleos rurais.

7. ORDENANZAS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO

O PBM de San Xoán de Río recolle as ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no PBA que resultan de aplicación para as clases e categorías de solo delimitadas no mesmo.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:17

CVE: 8AobkrbID1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve